

COMISIÓN TÉCNICA DE OPE DO 20 DE XULLO DE 2026

Convocatoria de concurso-oposición da categoría de enxeñeiro/a técnico/a.

Queda aprobada a convocatoria para a súa publicación en próximas datas no DOG, co voto en contra de CIG-Saúde.

Oferta de emprego público de postos de difícil cobertura para a categoría de médico/a de urxencias hospitalarias do CHUO.

Queda aprobada a oferta de emprego de 25 prazas de persoal médico de urxencias hospitalarias no CHUO, para a súa publicación en próximas datas no DOG.

Remitirán proximamente o borrador de convocatoria de concurso de méritos de difícil cobertura para estas prazas. O SERGAS indica que teñen intención de publicala a primeiros de agosto.

Acto de elección e toma de posesión das categorías pendentes.

O SERGAS informa de que as categorías que ían elixir destino neste mes de xullo esperan poder convocar o acto de elección a partir da semana que vén.

Isto implica que as tomas de posesión destas categorías se retrasarían ata o 7 de setembro, excepto Técnico/a superior en laboratorio para o diagnóstico clínico que será en outubro.

Segue retrasada sen data a convocatoria do acto de elección da categoría de Grupo auxiliar da función administrativa da quenda de discapacidade intelectual.

Outras previsións:

Neste ano 2026 informan de que os **exames de oposición** serán na segunda quincena de outubro e dous fins de semana de novembro, excepto a última semana dese mes.

Confirman que **terán exame nesas datas** as seguintes categorías:

TCAE	Grupo auxiliar da función administrativa (non QDI)
TCAE QDI	Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información
TEF	Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información
TEF QDI	Técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información
TSID	Fisioterapeuta
Celador/a	Traballador/a social
Celador/a QDI	

Informan tamén de que **poderían incluírse nesas datas** outras categorías que teñen publicado o tribunal:

Calefactor/a	Mecánico/a
Condutor/a	Médico/a asistencial do 061
Dietista-nutricionista	Médico/a de admisión e documentación clínica
Electricista	Médico/a xeral de ADOS
Farmacéutico/a de atención primaria	Terapeuta ocupacional
Fontaneiro/a	Odontólogo/a de atención primaria
Logopeda	

O SERGAS informa que os tribunais das categorías que teñen pendente a publicación da **plantilla definitiva do exame de oposición**, non se reunirán ata despois do verán.

O SERGAS informa de que a finais de xullo-primeiros de agosto publicarán a Resolución definitiva do **concurso específico de médico/a de HADO**.

O SERGAS reconece o retraso na publicación das **listas de contratación**, e esperan publicar as listas que estaban previstas para este mes de xullo, a partir da semana que vén.

